



AXUDAS ASCENSORES DE VIVENDAS IN532A

DOG 249 do 31/12/2015 Orden 28/12/2015. C. de Economía, Emprego e Industria.

DATA REMATE: 20/04/2016

Contía da Subvención:

RENOVACIONES TOTAL OU PARCIAL DE ASCENSORES realizadas entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2016

Mínimo investimento: 5.000,00€

Máximo subvención 50% Máximo de 10.000€/ascensor e 20.000,00€/comunidade

Beneficiarios:

Comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, de Galicia e legalmente constituídas de acordo cos artigos 2º e 5º da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal. Non poderá disolverse a comunidade ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Requisitos Beneficiarios:

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as persoas ou entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais os beneficiarios deben estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Conceptos Subvencionables:

Estes investimentos en renovación de ascensores deberán permitir unha redución anual, cando menos, do 35 % no uso da enerxía convencional ou un incremento xustificable na seguridade.

Consideraranse subvencionables os custos en equipamentos, materiais, obra civil, man de obra e os impostos indirectos asociados para a reforma e posta en servizo do ascensor, de xeito que este quede operativo.

Os traballos deberán realizarse por empresas mantedoras/conservadoras habilitadas de acordo coa lexislación vixente en materia de ascensores e, de ser o caso, deberá contar co correspondente proxecto técnico de modificacións esenciais.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net

